



Concello de Cangas

DECRETO DE ALCALDÍA

MEDIDAS RELATIVAS Ó MERCADO AMBULANTE DO CONCELLO DE CANGAS EN APLICACIÓN DA FASE 1 DO PLAN PARA A TRANSICIÓN HACIA UNHA NOVA NORMALIDADE

Con motivo da entrada en vigor do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/ 2020, de 14 de marzo , polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prorrogado en catro ocasións, a última co Real Decreto 514/2020 de 8 de maio, ata as 00:00 horas do día 24 de maio de 2020, foron establecidas unha serie de restricións á libre circulación de persoas así como medidas de contención no ámbito de establecementos e locais comerciais.

O citado Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, contempla no seu apartado 6 unha habilitación ó Ministro de Sanidade para modificar, ampliar ou restrinxir as medidas, lugares, establecementos e actividades especificadas por razóns xustificadas de saúde pública.

A orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración de estado de alarma, en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, establece no seu artigo 10, apartado 6, que *"cando así o decidan os Concellos correspondentes, e debendo comunicar esa decisión ó órgano competente en materia de sanidade da comunidade autónoma, poderán proceder á reapertura os mercados que desenvolvan a súa actividade ó aire libre ou de venda non sedentaria na vía pública, comunmente denominados mercadillos, dando preferencia a aqueles de produtos alimentarios e de primeira necesidade, e procurando que sobre os produtos comercializados nos mesmos se garanta a súa non manipulación por parte dos consumidores."*

Asemade, o citado apartado 6 do artigo 10 da orde SND/399/2020, de 9 de maio, indica que *"os Concellos establecerán requisitos de distanciamento entre postos e condicións de delimitación do mercado, co obxecto de garantir a seguridade e distancia entre traballadores, clientes e viandantes". Establece tamén que " En todo caso se garantirá unha limitación ó vinte e cinco por cento dos postos habituais ou autorizados, e unha afluencia inferior a un terzo do aforo habitual, podendo alternativamente procederse ó aumento da superficie habilitada para o exercicio desta actividade, de xeito que se produza un efecto equivalente á citada limitación".*

Visto canto antecede dentro do marco da normativa de aplicación DISPOÑO:

PRIMEIRO: Reabrir o mercadillo ambulante do Concello de Cangas que se desenvolve os martes e os venres, dando preferencia aos postos de produtos alimentarios e de primeira necesidade, a partir do vindeiro venres 15 de maio de 2020.

SEGUNDO: Que polos servizos municipais se adopten as medidas de distanciamento entre postos, e condicións de delimitación precisas para procurar a seguridade e distancia entre traballadores, clientes e viandantes, en aplicación do artigo 10, apartado 6, da orde SND/399/2020, de 9 de maio, garantindo as limitacións de postos e aforo indicadas na citada orde.

TERCEIRO: Dar conta ao órgano competente en materia de sanidade da Xunta de Galicia da presente resolución.

CUARTO: Aos efectos da aplicación da Ordenanza Fiscal n.º 20, reguladora da taxa por aproveitamentos especiais con instalación de Postos de venda na vía pública, e mentres non se reanude a ocupación habitual de todos os postos que tiñan autorización con anterioridade ao estado de alarma, realizaranse liquidacións de oficio por parte do Concello en base os informes emitidos polos servizos municipais unha vez comprobados os metros efectivamente ocupados cada un dos días por cada posto de venda.

QUINTO: Para o coñecemento xeral de persoas usuarias do mercadillo e persoas vendedoras ambulantes con licencia municipal concedida polo Concello de Cangas en vigor, se publicará a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e Sede Electrónica e páxina web, así como nos taboleiros situados na Praza de Abastos Municipal.

Orde SND/399/2020 de 9 de maio